



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

D^a M^a LORETO LÓPEZ FERNÁNDEZ, SECRETARIA DO CONCELLO DE CAMARIÑAS (A Coruña).

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada o día 19 de decembro de 2019, adoptou o acordo que a continuación se transcribe:

“2º.- CONTRATACIÓN DA OBRA “REURBANIZACIÓN DE RÍO DO CURA E RÚA SIXTO DE PONTE DO PORTO”. POS + 2019.

EXPTE. CONTRATACIÓN: NÚM. 2019/C003/000008

Dáse conta do expediente tramitado para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, (mediante a aplicación de fórmulas: prezo e maior prazo de garantía), art. 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante LCSP), da obra á que se refire o proxecto denominado “REURBANIZACIÓN DA RÚA RÍO DO CURA E RÚA SIXTO DE PONTE DO PORTO”, incluída no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2019 da Deputación Provincial, segundo o proxecto técnico redactado polo enxeñeiro arquitecto, D. Jorge Roura Traseira, e cuxo orzamento base de licitación é de 96.728,30 € (79.940,74 € base impositivo + 16.787,56 € de 21% de IVE) e valor estimado do contrato de 87.934,81 €.

Examinado e achado conforme o expediente de contratación tramitado para o efecto, no que constan entre outros documentos, de conformidade coa LCSP:

- Proxecto técnico aprobado polo Pleno do Concello en sesión de data 19 de decembro de 2018, proxecto que tivo que ser emendado a instancia da Deputación, sendo aprobado de novo por Decreto desta Alcaldía nº 100/2019, do 19 de febreiro, decreto ratificado polo pleno en sesión de fecha 6 de marzo de 2019.

- Providencia da Alcaldía de data do 16 de decembro de 2019 na que se ordena a incoación do expediente de contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas: prezo e maior prazo de garantía).

- Memoria da Alcaldía na que se xustifica a necesidade deste contrato, arts. 28 e 116 da LCSP.

- Documento da Alcaldía en que se xustifican os extremos esixidos polo art. 116.4 da LCSP.

- Acta de reformulo previo.

- O “prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos Plans Provinciais e outras obras provinciais”, publicado no BOP da Coruña núm. 101 de data 30 de maio de 2018, incluíndo os seus anexos.

Considerando que existe consignación orzamentaria idónea e suficiente e vistos os informes emitidos pola intervención e pola secretaría municipal.

En atención ao exposto a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos membros presentes, en uso das competencias delegadas pola Alcaldía, en materia de contratación administrativa polo Decreto 349/2019, de data 27 de xuño de 2019,

ACORDA:

Primeiro.- Aprobar, de conformidade co establecido nos arts. 116, 117, 131, 145 e seguintes e 159 da LCSP, o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado con varios criterios de valoración (mediante a aplicación de fórmulas: prezo e maior prazo de garantía), tramitación ordinaria, para a adxudicación da obra a que se refire o proxecto denominado “REURBANIZACIÓN DA RÚA RÍO DO CURA E RÚA SIXTO DE PONTE DO PORTO”, incluída no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2019 da Deputación Provincial, segundo o proxecto técnico redactado polo enxeñeiro arquitecto, D. Jorge Roura Traseira, e cuxo orzamento base de licitación é de 96.728,30 € (79.940,74 € base imponible + 16.787,56 € de 21% de IVE) e valor estimado do contrato de 87.934,81 €.

Segundo.- Facer uso, para a devandita contratación, do vixente “prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos Plans Provinciais e outras obras provinciais”, publicado no BOP da Coruña núm. 101 de data 30 de maio de 2018, incluíndo os seus anexos que se aproban neste acto.

Terceiro.- Autorizar o gasto de 96.728,30 € (79.940,74 € base imponible + 16.787,56 € de 21% de IVE) con cargo á aplicación orzamentaria 153.2/619.00 (código de proxecto 2019/2/19D1/1) do orzamento xeral da Corporación para o ano 2019.

Cuarto.- Dispoñer, de conformidade cos arts. 117 e 159 da LCSP a apertura do procedemento de adxudicación, procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas: prezo e maior prazo de garantía), procedendo, de conformidade co previsto nas cláusulas 10 e 11 do prego e art. 159 da LCSP, á publicación da licitación no perfil do contratante do órgano de contratación, para que no prazo de vinte días naturais a contar desde o seguinte a publicación do anuncio de licitación, as empresas que estean interesadas en participar no procedemento presenten as súas ofertas.

Quinto.- Establecer a improcedencia de revisión de prezos nesta contratación, segundo consta no prego e no cadro de características.

Sexto.- De conformidade co previsto no art. 326 e disposición adicional 2ª da LCSP procédese á designación da Mesa de Contratación, a cal queda integrada polos seguintes membros:

Presidente:

D. Sergio Caamaño Fernández, Concelleiro do Concello.

Suplente do presidente:

Dª Sandra Insua Rial, Alcaldesa-Presidenta do Concello.

Vogais:

Dª Mª Loreto López Fernández, Secretaria da Corporación ou persoa que legalmente a substitúa.

Dª Rosa Mª Fernández Canosa, Interventora da Corporación ou persoa que legalmente a substitúa.

Secretario:

D. Victorino Nión Carril, funcionario adscrito á Secretaría.

Suplente do secretario:

Dª Mª Dolores Rey Bértola, funcionaria adscrita á Secretaría”.

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da sra. Alcaldesa, a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, tal e como indica o artigo 206 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, en Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria Dª Mª Loreto López Fernández e a alcaldesa Dª Sandra Insua Rial.